



Currás pechou o congreso celebrado en Santiago Santamarina pide unha discriminación positiva para impulsa-lo galego

O catedrático e actual director do Instituto da Lingua Galega (ILG) Antón Santamarina pediu onte no congreso con que se conmemora o vintecinco aniversario do instituto, unha «discriminación positiva» e «militancia» activa para defende-lo galego fronte á forza hexemónica do castelán.

SANTIAGO. L.B.
Redacción

Santamarina partiu de que o modelo lingüístico imposto en Galicia baséase na primacía dos dereitos individuais de cada persoa para usar dentro do seu territorio a lingua que prefira entre as dúas existentes: galego ou castelán.

«O que pasa —puntualizou o conferenciante— é que cando conviven dúas linguas de potencia desigual, e no caso de Galicia esa potencia é moi desigual, o liberalismo condensa irremisiblemente á lingua subalterna a ser devorada pola hexemónica». Fronte a ese panorama, Santamarina avogou pola irrupción dunhas «medidas compensatorias» para evitar que o máis fraco (o galego) estea en desvantaxe». Pediu

unha «discriminación positiva» para o galego, xa que «teño a grave sospeita de que unha meta posta nun «bilingüismo harmónico» nunca poderá levar adiante medidas verdadeiramente «eficaces».

Na súa intervención, Santamarina non só chamou á porta das administracións para que asuman que «a lingua propia de Galicia é o galego», senón que tamén sinalou co dedo ós cidadáns en xeral. «Cada galego concienciado debería privada e publicamente exercer unha militancia indesmaítable, sen caer na arrogancia e na ofensa». Santamarina quixo desligar a militancia lingüística da militancia política, que tantas mágoas lle ten ocasionado á defensa do galego.

En palabras do conferenciante, se se quere preservar-la



Antón Santamarina é o actual director do ILG

MAR MATO

identidade de Galicia e reforzala, pasa necesariamente pola preservación e reforzamento da súa cohesión idiomática.

Neste punto, solicitou coherencia nas súas actuacións ás forzas políticas e ós cidadáns que asumen que a lingua de Galicia é o galego.

O congreso contou no acto de clausura coa presenza do conselleiro de Educación, Celso Currás, quen salientou o traballo realizado polo ILG ó longo dos 25 anos de historia. Currás reiterou o apoio da súa consellería ás actividades investigadoras do ILG.

«Nos últimos anos déronse pasos decisivos»

O catedrático de Filoloxía Románica Antón Santamarina non dubidou en asegurar que «a pura verdade é que nunca na historia do galego moderno se deron pasos tan decisivos coma nestes últimos 25 anos na constitución dun idioma literario nacional».

Agora ben, o relator recordou que os avances fixéronse notar porque hai trinta anos a situación do galego na rúa e na Universidade era «dramática».

Aínda que reconeceu non se-la persoa axeitada para rememora-lo traballo do ILG no seus vintecinco anos de historia, Santamarina non deixou pasar por alto «tres ou catro cousas polas que o ILG poderá ser lembrado ou polo menos non ignorado».

As «cousas» son «ter levado a dialectoloxía galega tradicional ó rango de calquera outra dialectoloxía románica», a «codificación idiomática» ou as «achegas de materiais lexicográficos».

John Travolta presenta en «El Semanal» su última película, «Phenomenon»

LA CORUÑA
Redacción

El suplemento *El Semanal*, que mañana se entrega con *La Voz de Galicia*, dedica su portada al actor John Travolta, protagonista de *Phenomenon*, película recentemente estrenada en nuestro país. En ella interpreta a un mecánico que, tras ser golpeado por un misterioso haz de luz, desarrolla su inteligencia hasta límites insospechados.

En una intensa entrevista, el prolífico escritor John Grisham, que acaba de lanzar su



novela *Tiempo de matar*, habla de sus obsesiones.

Pío Caro, el actual propieta-

rio de Itzea, la casa que Pío Baroja compró en 1912, abrió sus puertas para mostrar cada detalle de cada habitación en un exhaustivo reportaje.

La Costa del Sol marroquí alberga playas desiertas y peñones legendarios. Un equipo de *El Semanal* navegó a lo largo de quinientos kilómetros en una inigualable travesía.

Además de las habituales secciones y las firmas de Pérez-Reverte, Javier Marías, Karmentxu Marín y José Luis de Vilallonga, el coleccionable de Hábitat dedica su capítulo semanal a Despeñaperros.

Expertos reunidos en Santiago destacan la falta de respeto al contorno de los monumentos

SANTIAGO
Redacción

Los expertos que participan en Santiago en el curso *Documento, espacio e contorno* pusieron de manifiesto en la jornada de ayer que, a nivel social, en Galicia existe unha conciencia popular de respeto hacia los monumentos, pero, «pola contra, esta conciencia diminúe no que respecta ós seus contornos e á paisaxe circundante». En una ponencia presentada por Federico Garrido, jefe del servicio de arquitectura de la Dirección Xeral de Patrimonio, y por la asesora del men-

cionado departamento, se destaca la necesidad de aplicar unas medidas preventivas para la conservación del contorno. «Un primeiro paso —aseguraron— é reconece-la necesidade de establece-la protección a través da lexislación vixente, ó tempo que se dan competencias ás corporacións locais, quitando desta forma o excesivo peso que a Administración do Patrimonio ven soportando».

El curso será clausurado hoy con una mesa redonda en la que participarán numerosos expertos y en el que se debatirá el casco histórico de Santiago.

O Centro Dramático Galego do IGAEM

presenta

COMO EN IRLANDA

Baseada en:

“Nouturnio de Medo e Morte” de ANTON VILLAR PONTE

e “Xinetes para o mar” de JOHN MILLINGTON SINGE

Dirección: Quico Cadaval

21 de setembro, estrea
Do 22 ó 29 de setembro
Teatro Principal Santiago de Compostela

Do 2 ó 6 de outubro
Teatro Principal Ourense

Do 17 ó 18 de outubro
Auditorio Municipal Narón

Do 25 ó 27 de outubro
Centro Cultural Caixavigo Vigo

30 de outubro
Teatro Municipal Sá de Miranda Viana do Castelo

Do 8 ó 10 de novembro
Auditorio Gustavo Freire Lugo

Do 14 ó 16 de novembro
Teatro Jofre Ferral

Do 20 ó 22 de novembro
Teatro Principal Pontevedra

Do 4 ó 8 de decembro
Teatro Rosalía de Castro A Coruña



CONSELLERÍA DE CULTURA
E COMUNICACIÓN SOCIAL
I. I. I. I. I. INSTITUTO GALEGO DE ASPECTOS
ESCENICOS E MUSICAIS
Centro Dramático Galego